Na actualidade é profesora do departamento de Composición no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Como intérprete, destaca a súa gran versatilidade como pianista clásica, como acompañante, tanto de instrumentistas, cantantes e agrupacións corais e como teclista en grupos de música moderna (pop, rock, folk, etc.).

En abril de 2016 presenta o seu primeiro disco en solitario, **"Intro"**, un CD de pezas orixinais para piano, que inclúe o seu tema **"Como queres que te ronde"**, premiado no concurso de composición Galician Folk Songs 2015.

O seu derradeiro traballo, **"Nova"** (2018), é o seu segundo disco en solitario, reflexo no espello de "Intro", onde propón non só unha viaxe no tempo, senón unha viaxe ao espacio, a un lugar inhóspito e inaccesibel, sinónimo de soedade, de morriña, de frío, de tristeza, onde todo e nada é posible. Unha porta aberta ao infinito, a novas sonoridades.





por: **Fernando Méndez**

*Escritor e periodista*




# OURENSE DE LÚA CHEA

A praza Maior estaba chea, como a lúa ese día. Era xuño de 1988 -aí á voltiña, coma quen di-. Festas de Ourense. O grupo folk "Lúa Chea" sae ao escenario, daquela feito cun esqueleto de ferro e táboas, decorado na súa traseira cunha lona na que a información predominaba sobre a espectacularidade: "Ourense en Festas. Corpus 1988", rezaba.

> *Tres décadas despois, Ourense volve un ano máis a vestirse de festa. O tempo pasa pero o sentimento de amor polo noso permanece*

Pouco máis dun ano antes, unha ilusión feita voz e música nos unira a María José, Begoña, Yoli, Epi, Santi e a min. Cantar as nosas tradicións e aos poetas ourensáns era o que nos levara a botar a andar e o que nos mantiña en pé de música aquel abafante día de xuño, entre pedras, historia e un público que apoiaba e gozaba




coma nós desa comuñón cultural. Era imposible disimular a ledicia que sentíamos alí, a dous metros do chan, tocando en Ourense nas súas festas maiores.

Trinta anos... Pode que alguén que está a ler este artigo lembre o concerto, e mesmo que estivese alí aquela tarde-noite, coreando a Curros e a Celso Emilio, a quen nós so lle facíamos de altofalantes; eramos a canle pola que eles, sempre trobadores, nos transmitían, e o seguen facendo, o sentimento de identidade e pertenza a un territorio sen fronteiras, que todo o abrangue, desde o físico ata as cousas que non se poden contar coas matemáticas como a esperanza, a valentía, o sacrificio..., non tería espazo nesta folla para enumerar os cualificativos que nos definen, resumidos todos no "orgullo de sermos de Ourense".

E desde esa fermosa atalaia, impelidos pola responsabilidade da nosa historia, comezamos cos primeiros compases de "Ourensán":

*"Quen dixo da miña terra que porque non ten mar,*
*os ventos das boas novas nunca ían chegar...".*

E logo coreábamos o estribillo:

*"Ourensán, ourensán, fondas raíces tes,*
*de galego que cres na túa terra.*
*Ourensán, ourensán, segue coa túa roda,*
*asubía polos camiños teu pranto de loita."*

Para rematar a canción coa frase: "...e dille ao mundo enteiro que aquí afiamos paz".

Tres décadas despois Ourense volve un ano máis a vestirse de festa. O tempo pasa pero o sentimento de amor polo noso permanece. Como debe ser e queremos que siga sendo. Que soe Ourense, terra de soa.

TERMAS CHAVASQUEIRA



TERMAS CHAVASQUEIRA

TERMAS OUTARIZ



DESCUBRA LA CULTURA BALNEARIA JAPONESA

Una tradición milenaria basada en la filosofía Zen que busca la relajación del cuerpo y la mente en contacto con la naturaleza. El ONSEN combina este concepto lúdico-terapéutico del agua termal a altas temperaturas.

Mercado da feira, s/n.- 32001 Ourense - Teléfono 988 214 821 - www.termaschavasqueira.com Lugar de Outariz Ourense - Teléfono 988 36 46 50 - www.termasoutariz.com

# ACTIVIDADES LA MOLINERA

La molinera

Concello de **OURENSE**

**X U Ñ O**




**TALLER**
Ourense +
"A miña primeira venda"
***Ata 5 de Xullo***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Remata o taller
"Manexo da CNC"
***Venres 22 de Xuño***
***9:30h.***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Comeza o taller "Sinatura de documentos electrónicos"
***Martes 26 de Xuño***
***9:30h.***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Taller "Creación e modelado 3D"
***Xoves 29 de Xuño***
***9:30h.***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Ourense + Eleva
***Remate 3 de Xullo***
***16:00 a 20:00h***

**INSCRICIÓN ABERTA**




**INSCRICIÓNS ABERTAS**

**TALLERES**
Taller de EOI "Start Up; como construir o equipo dunha startup". Marta de la Fuente
***Xoves 21 de Xuño. 16:00h***

"Ourense startup café con Javier Megías"
***Martes 26 de Xuño. 8:30h***

Taller de EOI "Pacto de socios" con Pablo Taboada
***Xoves 28 de Xuño. 16:00h***




**TALLER**
Comeza o Campamento Tecnolóxico 1 (Audiovisuais)
***Luns 25 de Xuño***
***9:30h***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Taller "Experto en prototipado con ferramentas 4.0"
***Ata o 18 de Xullo***
***Martes, mércores e xoves***
***16:00 - 19:00h***

**INSCRICIÓN ABERTA**



**TALLER**
Comezo do campamento tecnolóxico 2. Realidade virtual
***2 -6 de Xullo***
***9:30 a 13:45h.***
***8 - 16 anos***

**INSCRICIÓN ABERTA**



Mais información e inscricións:
**www.lamolinera.net**



# UNHA VIDA Á BEIRA DA MÚSICA

**LOS SECRETOS**

As cancións de Los Secretos forman parte das xeracións das décadas dos anos 80 e 90.

**Lugar** / Praza Maior

**Día** / Martes 26, ás 22:30 h

**F.D.** OURENSE

A música española dos 90 non pode entenderse sen as cancións de **Los Secretos**.

Encadrada nas súas orixes, xunto a outras bandas míticas como **Nacha Pop, Mamá, Trastos, Alaska y los Pegamoides**, no renovador movemento de música popular que veu chamarse nova onda madrileña, Los Secretos, que comezaron a súa carreira en 1978, reveláronse como un grupo inesquecible a través de máis de corenta anos en activo, grazas a numerosas cancións consideradas clásicas entre as que figuran **"Déjame", "Sobre un vidrio mojado", "Quiero beber hasta perder el control"** e **"Pero a tu lado"**, como unha das agrupacións máis importantes da historia da música pop rock española.

A súa época de maior éxito profesional deuse nos anos 90, cando encadearon os exitosos álbums **"Adiós, tristeza"** e **"Cambio de planes"**.

A morte de Enrique Urquijo, membro emblemático do grupo e un dos músicos máis importantes da música española, o 17 de novembro de 1999 supón un tremendo golpe para o grupo, que soubo repoñerse ás adversidades e continuar unha carreira que chega ao seu punto culminante coa súa multitudinaria xira de aniversario "Una vida a tu lado" neste 2018.



### OURENSE STREET FOUD

**13.00 a 16.00 e 19.00 a 00.00**

Concerto de:

**21.00** DJ Pinchada Rock

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### TEATRO

**12.00 e 20.00** Circo activo presenta: Aire. Clown aéreos. Un espectáculo sen palabras onde o absurdo do clown atopa o virtuosismo do acróbata. O clown Alone transforma o espazo escénico para construir un circo no aire cun aloucado número final.

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### CONCERTO

**20.00** Mounqup Bio Camille Hédoun. Artesana do son nacida en Francia e galega de adopción, desde os 15 anos pon voz a bandas de jazz, electrónica e folk. Comezou a xogar con loops



e samplers ata convertirse na artista que é hoxe. As súas composicións son un collage de texturas, formas e cores.

**Lugar**: Praza San Martiño

### CONCERTO

**21.00** Los Bengala. Comezaron hai catro anos sen grandes pretensións pero convertéronse nun dos proxectos de rock and roll máis excitantes do momento. Guillermo Sinnerman na guitarra, Borja Téllez á batería e as súas dúas voces ao coro, fan que sexa difícil crer que estean só dúas persoas no escenario.

**Lugar**: Praza do Ferro

### CONCERTO

**22.30** Sons da Auria. Con Silvia Alonso, Daniel Minimalia e Emilio Rúa. Silvia Alonso, nada en Ourense, ten unha voz desas difíciles de esquecer, cun amplo rexistro vocal e matices inspirados no soul e no jazz. Cunha carreira meteórica desde o 2015 e dous discos no mercado, "Indoors" e "Icons", prepara o terceiro que sairá no 2018.

Daniel Minimalia, "O Mike Oldfield español", vitoriano e ourensano de adopción, crea texturas que envolven ao público, nunha viaxe a través dos sentidos. Entre xéneros tan distantes como o clásico e o rock, o new age ou ata o metal melódico, para narrar os seus "contos sonoros".

O cantautor Emilio Rúa fará un repaso das cancións dos seus discos con temas propios, versións e adaptacións de temas populares galegos, poesías e un adianto do que será o seu novo disco de Duetos con artistas como Víctor Manuel, Pablo Milanés, Rozalén...

**AFORO LIMITADO**

**Lugar**: Praza Maior



### CONCERTO

**23.00** Mitocondrías. banda de Ourense formada por Carlos Vázquez, Fernándo Vázquez "Brasas", David Taín e Digui, con gran traxectoria polos escenarios. O seu espectáculo musical está baseado no blues e o rock tradicional norteamericano.

**00.00** Rosendo. Rosendo Mercado Ruiz naceu en Madrid e criouse en Carabanchel, donde sigue residindo. É guitarrista, cantante e compositor de rock. Formou parte dos grupos Ñu e Leño, e é considerado un dos principais representantes do rock español.

**21.00** Apertura de portas



**Prezo**: 5 € anticipada e 7 € na billeteira

Venda de entradas: www.ataquilla.com, no 902 504 500, na sede de Afundación (Praza Maior, nº4) e na billeteira dúas horas antes da actuación. Gastos de xestión incluídos nos prezos excepto os gastos de xestión da venda telefónica.

As persoas menores de idade entre 0 e 15 anos, ambos inclusive, poderán acceder pagando a entrada e cubrindo un formulario que está en www.ourensecultura.com, polo seu pai, nai ou titor/a que se entregará no momento da compra da entrada e nomearán a persoa responsable que o/a acompañará ao concerto.

As persoas menores de idade entre 16 e17 anos, poderán acceder ao concerto pagando a entrada sen necesidade de ir acompañado/a dun adulto, cubrindo un formulario que está en www.ourensecultura.com, polo seu pai, nai ou titor/a que se entregará no momento da compra da entrada.

**Lugar**: Xardín do Posío



Mounqup



Los Bengala

# A CHAMADA DA ORIXE

**Mounqup**

**Lugar** / Praza de San Martino

**Día** / Mércores 27 ás 20:00 h

**Los Bengala**

**Lugar** / Praza do Ferro

**Día** / Mércores 27, ás 21:00 h

**F.D.** OURENSE

"**Proba de son**" é o primeiro disco de Camille Hedouin, **Mounqup**. Nel se poden atopar os gustos da autora nun amplo abano de estilos que beben de fontes de grupos como Animal Collective, The Knife, Battles, Broadcast, Radiohead ou Tune Yards.

Gañadora do Premio Narf no 2017, Mounqup, co seu persoal estilo de electrónica vogal rural, esperta cada vez máis interese no público amante das tendencias alternativas.

Tras dous anos do seu primeiro traballo, "**Incluso Festivos**", **Los Bengala** (Guillermo Sinnerman e Borja Téllez) presentan o seu traballo "**Año Selvático**", unha crónica que pon de manifesto as idas e voltas, as experiencias, as victorias e as derrotas vividas ao longo duns anos cheos de viaxes, concertos, resacas e outros praceres espirituais.

O dúo non inventa nada novo, pero o certo é que no hai nada máis que soe como eles. Os sinxelos e poderosos acordes de Guillermo na guitarra, respaldados polos complexos ritmos de Borja e ambos ao coro na voz principal, crean unha enerxía difícilmente resistible.




**Lugar** / Praza Maior   **Día** / Mércores 27 ás 22:30 h





*SILVIA ALONSO*

# UNHA PRODIXIOSA VOZ OURENSÁ

*A voz de Silvia Alonso non deixa indiferente a ninguén, ten un estilo propio do que enseguida te decatas*

**F.D.** OURENSE

A noite do mércores non pode comezar de maneira mais inmellorable. **Silvia Alonso** ten unha desas voces de amplo rexistro que pode chegar a case calquera estilo musical (e adoita de facelo) sen darnos conta.

Blues, soul, boleros, rock e os mais diversos modos musicais que confluen nos temas das lendas da música: Elvis Presley, Aretha Franklin, Frank Sinatra, Liza Minelli…

Sempre acompañada pola sua banda, auténticos profesionais de moi solvente desempeño, logran transportarnos o máxico ambente das grandes orquestras dos 50, 60 e 70.

A sua todavía curta pero intensa carreira –comezou no ano 2014– ten como baliza dous discos no mercado **"Indoors"** e **"Icons"** e un terceiro en camiño para este mesmo ano. Ademáis de numerosas actuacións nos mais diversos escenarios, teatros e auditorios.

A voz de Silvia Alonso non deixa indiferente a ninguén, ten un estilo propio do que enseguida te decatas ó interpretar os primeiros acordes.

Unha intérprete inconformista que aporta a sua personalidade inconfundible a cada interpretación a que se enfronta, pero para aquel que segue a sua intensa carreira, adivinase unha forma permanente de evolucionar, buscando sempre a excelencia en cada novo tema.

Moitas emocións e música inesquencible para unha noite na que Ourense e protagonista en Sons da Auria.

¡VEN A CONOCERNOS!
HM
HOTEL MIÑO
Ourense
CAFÉ & BAR
Juan XXIII, 2 - 4




*DANIEL MINIMALIA*

# A GUITARRA QUE FALA

**UNHA MÚSICA QUE HIPNOTIZA E QUE TRANSMITE EMOCIÓNS CON CADA NOTA**

**M.N.** OURENSE

En **Sons da Auria** actuaran Silvia Alonso, Emilio Rúa e este xoven vitoriano, ourensano de adopción, que é capaz de crear texturas que envolven ao público, facéndoo partícipe dunha viaxe a través dos sentidos. Navega entre xéneros tan distantes como o clásico e o rock, pasando polo new age ou incluso o metal melódico, sempre cun mesmo obxetivo, transmitir un sentimento, narrar os seus "contos sonoros" utilizando sempre como actriz principal a súa guitarra.

Non é a sua primeira actuación nas Festas de Ourense. Xa no ano 2015 actuara na Praza Maior con moi boa acollida e para disfrute dos ourensáns. Desde esta última visita, editou un tercer disco titulado "Origen", que foi nominado a mellor album instrumental nos Grammy Latinos.



o pazo de canedo

CELEBRACIÓN DE TODO TIPO DE EVENTOS

www.opazodecanedo.com

Estrada Castro de Beiro, 32001 Quintela, Ourense · Telf. 988 364 911 · info@opazodecanedo.com

# +v masventana

## TOLDOS ESTORES










**Ourense** · Peña Trevinca, 18 · **988 24 13 97**
**Vigo** · Avda. Fragoso, 69 · **986 23 87 17**
**Pontevedra** · Eduardo Pondal, 73 · **986 85 63 41**
**Lugo** · Avda. de las Américas, 1 · **982 25 45 37**

**902 24 13 97**
**masventana@masventana.es**
**www.masventana.es**



**Lugar** / Praza Maior  **Día** / Mércores 27 ás 22:30 h

*EMILIO RÚA*

# CANTAUTOR DE BALADA INTENSA E POP ELEGANTE

**F.D.** OURENSE

Aquí temos un deses autores de voz doce non exenta de numerosos matices e acompañado xeralmente da sua guitarra, que enriquece a florida paisaxe da escena musical ourensán. Porque **Emilio Rúa** é un cantautor de Ourense que sabe do oficio e traslada os seus sentimentos a música que compón, dándolle ese selo íntimo e persoal que tanto o caracteriza.

Na sua longa andaina no mundo da música, no que comezou a idade de sete anos, compre destacar o premio que obtuvo no certame de cantautores "Cantigas de Mayo" (Ceuta 2004) e o de xovenes cantautores (Elche 2006). Salientando tamén as actuacións na Universimad, o Festival da Luz ou na xira feita por Víctor Manuel no 2016.

O cantautor Emilio Rúa fará un repaso das cancións dos sete álbums cos que xa conta no mercado **"Querida Alegría", "Cantares", "Destino Sur", "Despois de ti, a chuvia", "Interior", "Vida miña"**, e **"Emilio Rúa"**. Tamén cabe dicir que o autor está a preparar un adianto dun máis que interesante álbum de duetos con recoñecidos artistas da talla de Víctor Manuel, Pablo Milanés ou Sole Giménez.

Inda que conta con numerosos temas propios non son desdeñables as suas interpretacións a través da música da poesía galega clásica e actual, sempre na compaña; ben do piano, ben da guitarra da que tan bos frutos e capaz de conseguir.

Forma esta actuación parte do trío de ases ourensáns proposto para a noite do mércores.

Emilio Rúa e un doce postre que "transpórtanos a ese mundo onde o amor e a beleza do cotián son aliados para ser máis felices. O mundo rural que describe aparece vestido de nostalxia" segundo palabras de **Uxía Senlle**, a sua productora.





**Lugar** / Xardín do Posío

**Día** / Mércores 27 ás 23:00 h

*MITOCONDRIAS*

# CASE TRES DÉCADAS DE ROCK&ROLL

**F.D.** OURENSE

O Rock&Roll ourensán ten en **Mitocondrias** a un dos seus grupos máis veteranos. A banda, con moitas táboas e concertos ao longo da súa traxectoria, ten detrás de si un público fiel, que ao longo dos anos non deixaron de darlles apoio en cada unha das súas actuacións, discos e proxectos.

O xerme da banda forxouse nun bar, no ano 1989. Pasaron milis, músicos e bolos, ata que en 1993 de xira por Portugal ofrecéronlles gravar un disco. Marcharon a Viana do Castelo, gravaron e volveron co seu primeiro disco **"Tempos Difíciles"** debaixo do brazo. Viraron por España e Portugal pero as idas e vindas de músicos desestabilizaron á banda, ata que en 1997, con David á guitarra remataron a formación máis estable do grupo.

**Mitocondrias** sempre estivo influenciada por diversos puntos de vista músicais, abarcándoos ou polo menos considerando todo sen refugar ningunha idea que puidese funcionar no seu estilo e son, e sen maior pretensión que a de tocar e poder continuar gozando diso, que non é pouco, mentres o corpo aguante e o público sígaos apoiando, algo que quedou demostrado ao longo de case 30 anos de carreira musical.

AB logística

MÁS DE 40 AÑOS DE EXPERIENCIA
AVALAN NUESTRA PROFESIONALIDAD



· Transporte y distribución nacional e internacional
· Recepción y expedición de mercancías
· Preparación de pedidos, Picking y Packing
· Cross dock & Milk-run
· Stockaje
· Entregas Jit, Jat, Syncro...
· Ensamblajes y premontajes
· Controles de calidad

C/ Ricardo Martín Esperanza, 25 - Pol. Ind. San Ciprián de Viñas. 32901 San Ciprián de Viñas (Ourense)
Tlf: 988 38 49 38 - Fax: 988 25 68 24
www.anibalblanco.com | anibalblanco@anibalblanco.com





### ROSENDO

# AS LENDAS DO ROCK NUNCA MORREN

**Lugar** / Xardín do Posío

**Día** / Mércores 27 ás 00:00 h

**F.D.** OURENSE

A lenda de **Rosendo**, cuxo nome completo é Rosendo Mercado Ruíz, comezou en Madrid o 23 de febreiro de 1954. Criouse en Carabanchel, onde se incorporou como guitarrista a Fresa, un conxunto que tocaba versións de cancións de moda e en ocasións acompaña a solistas. Tras diversos cambios, que incluíron a incorporación como cantante de José Carlos Molina, a banda pasou a chamarse Ñu.

En 1974 Rosendo descubriu a música de Rory Gallagher, que se converteu nunha das súas influencias máis grandes, xunto a outros grupos como Jethro Tull, Canned Heat, Cream, Deep Purple e Black Sabbath.

En 1977 Rosendo abandonou a formación para crear Madeiro. Con el, que ademais da guitarra encargarase da voz no novo grupo, vanse Chiqui Mariscal, que toca o baixo, e Ramiro Penas como batería. Debutaron en 1978 como teloneiros de Asfalto, e a partir dese momento o rock español non volveu ser o mesmo.

*A música de Rosendo ten acompañado, durante décadas, a varias xeracións de españois*

Tras numerosos éxitos e xiras nacionais e internacionais, Rosendo comeza a súa carreira en solitario en 1985, coa saída do primeiro disco en solitario de Rosendo, "Loco por incordiar", producido por Carlos Naréa. Foi o momento de máis éxito comercial da súa carreira, grazas a temas e cancións como "Agradecido", "Pan de higo" ou a que lle dá título ao álbum.

Tras máis de 45 anos no mundo da música en marzo deste ano foi anunciada a súa retirada dos escenarios cunha xira de despedida.

PERSAN









PROTECCIÓN SOLAR PARA INTERIOR Y EXTERIOR

Disponibles en Distribuidores Persan

**12.30** Animación de rúa coa charanga Dr. Anchoa.

### OURENSE STREET FOUD

**13.00 a 16.00 e 19.00 a 00.00**

**21.00** Concerto de Nelson Quinteiro Cabaret

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### FEIRA HISTÓRICA

**Lugar**: Centro histórico da cidade.

### TEATRO

**12.00 e 20.00** Luigi Ludus "un mago raro". Cantando baixo a maxia. Un espectáculo onde a música toma un papel moi importante, ideal para toda a familia.

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### CONCERTO

**20.00** Tachenko. Mellor grupo nos Premios da Música Aragoneses e premio Artes y Letras do Heraldo de Aragón na súa última edición. Sergio Vinadé e Sebas Puente uniran os seus talentos fai dez anos, e con seis álbumes e numerosos



EP ás costas conseguiron converterse nun clásico do pop cantado en español, queridos e respetados pola súa profesionalidade, coherencia e afabilidade.

**Lugar**: Praza San Martiño

### CONCERTO

**21.00** The Phantom Dragsters. Este trío de Ourense inspira os sons instrumentais de Dick Dale o The Ventures nos anos 60, que axitaron a millóns de mozos da costa californiana. Diego Stringbreaker na guitarra, David Lone Crusher no baixo e Marcos Speedfire na batería, o seu son está marcado pola reverb nas guitarrras e unha contundencia pouco usual. Por iso, o locutor Franky Zwiller os presentou no seu programa como "tremendo killer surf sound".

**Lugar**: Praza do Ferro

### CONCERTO

**22.30** Xestreu. É unha fusión de cinco formas diferentes de pensar, de sentir.



Do que escoitan ao que cantan hai unha viaxe, un proceso de transformación. Xestreu afonda na recollida, adaptación e interpretación das cantigas dos pobos do mundo, rachando coas fronteiras.

**23.30** Treixadura. Consitúen dende 1990 un espectáculo musical sorprendente. A música tradicional desde o canto e a gaita. O grupo foi transformando o estilo, sen renunciar ao seu son característico. Fieis ao compromiso co seu público, tentan elevar a música tradicional ao máximo nivel.

**AFORO LIMITADO**

**Lugar**: Praza Maior

### CONCERTO

**23.00** Dvicio. A rapidez co que un vídeo gravado polo grupo cun smartphone chegou a millóns de persoas resume o impacto producido por Dvicio. Estos cinco mozos chegaron con pop fresco e ideas brillantes. Andrés, Luis, Nacho, Martín e Alberto puxérono todo patas arriba, chegando a máis de 65 millóns de persoas.



**21.00** Apertura de portas

Prezo: 5 € anticipada e 7 € na billeteira

Venda de entradas: www.ataquilla.com, no 902 504 500, na sede de Afundación (Praza Maior, nº4) e na billeteira dúas horas antes da actuación. Gastos de xestión incluídos nos prezos excepto os gastos de xestión da venda telefónica.

As persoas menores de idade entre 0 e 15 anos, ambos inclusive, poderán acceder ao concerto pagando a entrada e cubrindo un formulario, que está en www.ourensecultura.com, polo seu pai, nai ou titor/a que se entregará no momento da compra da entrada, e nomearán á persoa responsable que o/a acompañará ao concerto.

As persoas menores de idade entre 16 e17 anos, poderán acceder ao concerto pagando a entrada correspondente sen necesidade de ir acompañado/a dun adulto, cubrindo un formulario, que está na en www.ourensecultura.com, polo seu pai, nai ou titor/a que se entregará no momento da compra da entrada.

**Lugar**: Xardín do Posío

### BAILE

**01.00** Verbena coa orquestra Combo Dominicano

**Lugar**: Rúa Progreso

23
JUNIO

Solo para socios




# En **BEBIDAS**

(Excepto bebidas de alta graduación)

Por compras superiores a **10 €** en bebidas

# -25%*

Te lo devolvemos en tu Tarjeta EROSKI club
para tus próximas compras.

***Válido en los supermercados e hipermercados Eroski de Galicia y en los Autoservicios Familia adheridos al programa Eroski Club.**

Te devolvemos en tu Tarjeta Monedero el importe equivalente al 25% de tu compra de la sección de bebidas, excepto alta graduación. Para una compra máxima de 150€ que supone una ingreso máximo a tarjeta monedero de 37,5€.

EROSKI · EROSKI center · EROSKI city · Familia

*LUIGI LUDUS "UN MAGO RARO"*

# UNHA HISTORIA
## DE PEQUENAS COUSAS

**Lugar** / Alameda de Bispo Cesáreo

**Día** / Xoves 28 ás 12:00 e 20:00 h



**S.N.** OURENSE

**Cantando baixo a maxia** é un espectáculo de maxia pensado para que toda a familia poida disfrutar xunta, para pasalo ben coa maxia como escusa. É un espectáculo no que a música ten un papel moi importante, xogos con instrumentos musicais diferentes: as campás de hotel coas que se abre o show e que nos serven para xogar co público adiviñando cancións, xogos cantados mentres se vai facendo a maxia, entre eles o xa clásico xogo dos "aros rapeados", coñeceremos a Albacete, un can de peluche que é un poeta malhumorado que

*Coñeceremos a Albacete, un can de peluche que é un poeta malhumorado*

fai poesía para rapear cantando sobre a importancia de coidar ben ás nosas mascotas, grazas á arte da ventriloquía.

O xoves poderemos disfrutar de dúas sesións na Alameda de Bispo Cesáreo; unha de mañá, ás 12,00 horas, e a segunda pola tarde ás 20,00 horas. Disfrutaremos e participaremos dun show ideal para que toda a familia se adentre no mundo do espectáculo por unha porta máxica e divertida na que este "mago raro" vainos adentrar.





# VIAXE AO PERÍODO MEDIEVAL

**Lugar** / Rúas do Casco Vello

**Día** / 28, 29, 30 de Xuño
1 de Xullo

*Postos de artesanía, comida e espectáculos na rúa invadirán as principales rúas do Casco Vello*

**S.N.** OURENSE

O Mercado Medieval é unha das citas máis relevantes das Festas de Ourense. Durante catro días (28, 29, 30 de xuño e 1 de xullo), a música, a cor, a artesanía e os sabores de diferentes culturas serán os protagonistas do Casco Vello.

Deceas de postos instalaranse en diferentes emplazamentos da zona histórica compartindo espazo coas charangas e diversas actuacións de época que farán as delicias dos visitantes aos stands de alimentación e artesanía, que se entremezclarán nas prazas da Victoria, Imprenta, San Marcial, Manuel Sueiro, Saco Arce e a rúa Barreira, entre outras.

Neste ano, a celebración espera mellorar o resultado da do ano pasado na que por motivos de seguridade, o Mercado Medieval concentrouse nesa edición nas prazas, desplazando os postos das rúas principais e de forma salteada.

Son moitos os postos que xa levan anos acudindo a esta celebración que nunca decepciona pola variedade da oferta de produtos tradicionais que se poden atopar.

Os feirantes chegan de moitos lugares de España, desde Linares (Jaén) ata a veciña León.

Tradicionalmente cada praza ou zona do mapa do mercado medieval ven estando ocupada por un determinado oficio ou profesión (comida, artesanía, regalos, xogos populares, etcétera). Non faltarán os actores que animarán as rúas a diferentes horas do día.

O obxectivo é diversificar ao máximo a oferta do mercado medieval facilitando así a circulación dos visitantes que se incrementan notablemente sobre todo o fin de semana no que se espera ademais que haxa bo tempo polo que o éxito parece garantizado.

OpeGal
Internet
Móbil
Fixo
POR FIN INTERNET DE ALTA VELOCIDADE
ONDE OUTROS NON CHEGAN
XA DISPOÑIBLE EN OURENSE
CHÁMANOS SEN COMPROMISO
988 500 200
www.opegal.com info@opegal.com



*XESTREU*

# CANTIGAS PARA COMPARTIR CO MUNDO

**Lugar** / Praza Maior

**Día** / Xoves 28 ás 22:30 h

**F.D.** OURENSE

**Xestreu** é unha fusión de cinco formas diferentes de pensar, de sentir, coas achegas persoais de cada unha. Isto é o que define á agrupación, do que escoitan ao que cantan hai unha viaxe, todo un proceso de adaptación e transformación. O resultado é ese toque persoal Xestreu.

As pezas chegan ao grupo pola indagación de cada unha, dos propios gustos, pola doazón desinteresada de amigos e sobre todo grazas as mulleres que cantan aínda na terra galega. As fontes do grupo son esas persoas anónimas de cada pobo, híbrido de canto tradicional e popular. Esas xentes que cantan e que ensinan máis ca unha cantiga.

Gustan aprender das culturas do mundo, coñecer ás súas tradicións e formas de vivir.

*Xestreu é paixón pola tradición galega, do seu xeito de entender o canto tradicional*

Xestreu afonda na recollida, adaptación e interpretación das cantigas dos diferentes pobos do mundo. Rachando coas fronteiras e cos prexuizos, o grupo incorpora os cantos dos pobos á súa forma de entender a música.





# TREIXADURA
## TRADICIÓN MUSICAL POR E PARA A XENTE

**Lugar** / Praza Maior

**Día** / Xoves 28 ás 23:30 h

**F.D.** OURENSE

Treixadura constitúe desde 1990, un espectáculo sorprendente. A música tradicional observada desde dúas concepcións ben arraigadas: o canto e a gaita.

Un tempo no que o grupo foi modelando o seu camiño transformando o estilo, sen renunciar ao seu son característico. Fieis ao compromiso co seu público, tentando elevar a música tradicional ao máximo nivel.

Ao longo da súa traxectoria son moitas as melodías que rescataron do anonimato e outras tantas creadas para que a cadea de transmisión da música tradicional continúe viva.

Un xeito de facer cunha personalidade moi característica, de enlazar a raíz musical da cultura galega co xeito de entender hoxe a música tradicional.

*Mantendo o seu estilo reconecible elevan a música galega ao máximo nivel*

Levan 25 anos de gravacións e concertos, seis discos no mercado, unha variada gama de colaboracións discográficas e vida en común, compartindo co público o poder e a forza evocadora, máxica e reconfortante do canto colectivo.

**Treixadura** mantén o seu estilo recoñecible e co mesmo obxectivo desde a súa creación: manter as melodías coas que os gaiteiros galegos animaron festas e romarías, e achegalas ao maior público posible.

O seu novo disco **"Inda canto"**, é unha nova aposta do grupo por reinventarse e seguir a andar camiños musicais a carón da tradición. Composto por 12 cancións "Inda canto" ten unha mensaxe clara aínda teñen folgos para cantar, tocar e achegar a tradición galega á xente a través dos seus concertos.

Ademais, "Inda canto" busca ser unha homenaxe a todas aquelas persoas que desde a base logran que a cultura galega teña máis forza que nunca, as agrupacións que se achegan a seráns, tabernas e foliadas e loitan para que a música galega estea viva.







Tachenko



The Phantom Dragsters



# UN PASEO ENTRE KILLER SURF & POP INDIE

**Tachenko**

**Lugar** / Praza de San Martiño **Día** / Xoves 28 ás 20:00 h

**The Phantom Dragsters**

**Lugar** / Praza do Ferro **Día** / Xoves 28 ás 21:00 h

**S.N.** OURENSE

A música dos grupos locais non podía faltar nas Festas de Ourense. Un dos grupos máis relevantes dos últimos tempos é **The Phantom Dragsters**, un trío que se inspira nos sons instrumentais que popularizaron Dick Dale ou The Ventures nos anos 60 e que axitaron a millóns de xóvenes na costa californiana. A formación está composta por Diego Stringbreaker, David Lone Crusher e Abraham Nitro Bandit.

En abril de 2015 saíu o seu primeiro disco, que transita polo surf clásico con un toque moi persoal, o "Killer Surf", como moi acertadamente chegou a comentar Franky Zwiller no seu programa de radio. A banda leva ás suas costas máis de 50 concertos por Galicia e boa parte de España, e estiveron presentes en nalgúns dos festivais máis relevantes do país.

O outro concerto da xornada vén da man do grupo zaragozano **Tachenko**, que nace en 2002 e xa conta con varios EP´s e seis álbums no mercado. O seu estilo pop indie defínese pola procura da sinxeleza, soamente voz e teclado.

Integrado por Sergio Vinadé, ex "El niño gusano"; e Sebas Puente, letrista e tamén compositor, guitarrista e cantante, o grupo presenta letras profundas e con mensaxe, froito da afinidade coa literatura e a poesía.

Foron moitos os compañeiros, algúns que hoxe son reconecidos músicos, que acompañaron a Tachenko nesta viaxe dende os seus inicios e ata chegar a converterse nun clásico do pop cantado en español, tanto para os seus seguidores como para o medio en xeral.

O seu sulfato en
Precios inigualables
50 anos de experiencia
A maior variedade de produtos
A nova agricultura con produtos de última xeneración!
Rúa do Progreso 18. Ourense
A Quinzá, Ribadavia
Tlf: 988 22 18 43
MEDEN
naturalmente



por: **David Pedrouzo**
*Café Torgal*

# LA *CARA B*



Cuantas veces habré discutido sobre los conciertos de las fiestas, si es que no traen nada que "mole" , es que es todo muy "mainstream", es que solo piensan en la gente mayor, hay que programar para todos... nada más lejos de la realidad. Una vez anunciados ya los grandes nombres de este año, si uno sabe leer bien el programa puede encontrarse con todo aquello que busca, como en los discos, cuando uno ya ha pinchado los mismos hits mil veces y llega la cara b, esa que siempre suele reservar más de una sorpresa en forma de canción total y redonda que pasa directamente a la lista de favoritas.

Desde hace años en las fiestas se puede disfrutar de un "cartel" alternativo lleno de auténticas joyas ocultas, localizado en las plazas más pequeñas del casco histórico donde los conciertos toman una aire de exclusividad e intimidad, desde el Rock a la psicodelia, el jazz o la electrónica, así por esos escenarios rodeados de piedras centenarias han pasado de lo más interesante del panorama nacional, bandas como **Novedades Carminha, Puma Pumku, Los Wallas** o artistas emergentes internacionales en plena proyección como **The Shivas** que el año pasado brindaron un

> *Desde hace años en las Fiestas se puede disfrutar de un "cartel" alternativo, localizado en las plazas más pequeñas.*

concierto absolutamente memorable, un programa diferente y muy valiente que ha llegado, quiere uno pensar, para quedarse y cubrir esa demanda que los ciudadanos y ciudadanas más mitómanos y "musiqueiros" reclaman desde hace años y que era una necesidad que insufla un aire fresco y renovador.

Pero ojo, no solo ellos son los que han de acudir a disfrutar de estas propuestas, ya que esta línea de programación es una oportunidad para que el gran público de la ciudad pueda dejarse llevar y adentrarse en nuevos sonidos que quizá, yo me atrevería a asegurarlo, desde ese momento pasen a formar parte de sus listas de Spotify ya que en realidad, en el fondo y en la forma no distan tanto de lo que se escucha habitualmente y que quizás suene más familiar de lo que uno pueda pensar.

Como siempre digo, no hay fiestas para quien no quiere disfrutarlas, con un poco de valentía y dejando los prejuicios en casa la diversión está asegurada.

Así que busquen en el programa de este año, acérquense y disfruten, déjense llevar y sobre todo piensen que participar de nuestras fiestas es el camino que poco a poco llevará a un mejor y más rico programa cada vez.

Que vivan nuestras calles.




# DVICIO
## POP NEW GENERATION CON IDEAS FRESCAS

**Lugar** / Xardín do Posío   **Día** / Xoves 28 ás 23:00 h







**EN 2014 OBTIVERON OS PREMIOS 40 PRINCIPALES, DIAL E CADENA 100, E EN 2016 O NOMEAMENTO AOS GRAMMY LATINO.**

**A.N.** OURENSE

Decir **Dvicio** e dar na diana do corazón dos miles de xóvenes que gustan de facer as cousas dun xeito diferente. Que te lances nun viaxe-tour por Tailandia, protagonices un flashmob bailado cos 23000 empleados de McDonald's España, ou cheges a 65 millóns de persoas cun clip caseiro gravado co teu móbil no coche, da unha medida do espírito rebelde pero sobre todo orixinal e innovador que respira esta xoven banda.

Orixinarios da cidade madrileña de Rivas-Vaciamadrid, comparten tamén ascendencia, representada polos irmáns Ceballos, arxentina e brasileira (pai e nai), o que confire o grupo, se cabe máis, unha personalidade propia que chega moi fácil o público xoven, de aquí e alá do océano, ademais dos innumerables fans cos que contan xa en Ásia e África.

Xa levan tres álbums de estudo, o que lles confire madurez no seu son e na sua unión como banda, ademais de facer que o seu seguidores, quen se fan chamar Dviciosos, incrementen en cada un dos países onde chegou a súa música.

Un son fresco, unhas melodías amables e como non un gran tirón entre as súas miles de fans femininas, convirten o quinteto dos irmáns Ceballos, Andrés e Martín, Alberto González, Luis Gonzalvo e Nacho Gotor, nos auténticos reis entre o público novo que sen dúbida acudirá en lexións a esta esperada cita das Festas de Ourense.

# Nueva Serie Especial GO!

La mejor selección, con la mejor equipación.




Adelántate al Mundial de Rusia y disfruta de la **Nueva Serie Especial GO!** Anótate un tanto y llévate un Hyundai i10, i20, i30 o TUCSON con la mejor equipación del Mundial y un precio de campeonato. Ahora puedes tener un **Hyundai TUCSON Serie Especial GO!**, con llantas exclusivas de aleación de 19", navegador táctil con TomTom Live y conectividad Android Auto™ y Apple CarPlay™, faros delanteros tipo LED, asientos calefactados y llave inteligente con botón de arranque y detector de proximidad. Disfruta de la mejor equipación del Mundial con la Nueva Serie Especial GO!

**Acércate a tu concesionario Hyundai o visita hyundai.es/serieespecialgo/**

**Hyupersa**

Ctra. de Vigo 26, Quintela de Canedo, Ourense T. 988 214 040

HYUNDAI

Gama Hyundai: TUCSON Emisiones $CO_2$ (gr/km): 119-175 Consumo mixto (l/100km): 4,6 - 7,5. i20: Emisiones $CO_2$ (gr/km): 97-143. Consumo mixto (l/100km): 3,7-6,2. i30 5p: Emisiones $CO_2$ (gr/km): 95-125. Consumo mixto (l/100km): 3,6-5,5.

# FESTAS DE OURENSE *2018*

## VENRES 29

Continúa na páxina 57

**12.30** Animación de rúa coa charanga Nova Terra de Trives.



### OURENSE STREET FOUD

**13.00 a 16.00 e 19.00 a 00.00**

Concerto de:

**21.00** Cándido Pazó

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo



### FEIRA HISTÓRICA

**Lugar**: Centro histórico da cidade.



### TEATRO DE RÚA

**12.00 e 20.00** Uxía Lambona e a Banda Molona. Música infantil. Esta banda recolle os clásicos populares galegos, dándolle o seu toque particular dende A Carolina rapeada o Jato rockeiro. Facendo que todos os nenos presentes sexan partícipes



deste concerto cheo de bailes, xogos coreografias e moitas sorpresas.

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### CONCERTO

**20.00** De Vuelta. É un proxecto do compositor, guitarrista e periodista ourensano Luis Fernández Delgado.



Cunha dilatada traxectoria musical as súas costas, acaba de publicar o seu novo disco "A Tono". O disco, de recente aparición, acaba de ser presentado en Madrid nun dos máis prestixiosos 'templos' da música: a sala Galileo.

**Lugar**: Praza San Martiño

### CONCERTO

**21.00** Aries. Psicodelia desmedida e voces cuadruplicadas definen perfectamente a obra de Aries, unha moza normal de Bilbao que escapa da imaxe habitual de cantautora solitaria.



Isabel Fernández Revieriego é quen se agocha detrás da música de Aries, unha artista que armada coa súa caixa de ritmos, o seu Rickenbakers e algún outro artiluxio dispar, elabora un pop alegre e hipnótico. Fichando polo selo La Castanya, a bilbaína consegue moverse máis do habitual polas cidades do noso país, deixando un pouco da súa psicodelia musical por cada local que pisa.

**Lugar**: Praza do Ferro

# CO.SA.GA.®

*"Medicina en Equipo"*




Nº Registro Sanitario: C-32-000118

## Calidad y Seguridad

· **Centro acreditado** por la **Consellería de Sanidade de la Xunta de Galicia** de forma ininterrumpida desde el año 2002

· **Primer hospital de Galicia acreditado por EFQM** (Modelo Europeo de Calidad) Sello de Calidad de Excelencia Europea 400+

· **Primer hospital de la provincia** de Ourense **acreditado con ISO 179003** del sistema de Gestión de los Riesgos para la Seguridad del Paciente

· **Pioneros en apoyo psicológico** al paciente ingresado y a sus familiares o acompañantes

Elige CO.SA.GA., tu hospital de confianza en Ourense

Centro acreditado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

spaincares

**Primer Hospital de Galicia con Sello Europeo de Calidad**

Clínica Santa Teresa Calle: Sáenz Díez, 11
Tel. 988 37 17 10/11/12 www.cosaga.com



por: **Lito Seoane**

# RECUERDOS Y SENSACIONES DE *AS FESTAS DO CORPUS*



Cuando en los años 60 el coche se incorporó de pleno a la vida de los ourensanos, nuestra ciudad, comenzó a sufrir una especie de despersonalización localista, provocada por el éxodo y la necesidad de darse un paseo en el seiscientos o el Sinca Mil y también, por ese complejo provinciano de sentirse inmersos en ambientes distintos y sobre todo multitudinarios, pasamos de vernos en el paseo, el Auria, el Posío y el Tamanaco a encontrarnos en el Flamingo, el Yuma de Vigo o en los Porches y la Mezquita en La Coruña, aquello que simplemente era una forma de inconsciente rebeldía juvenil, cambió para algunos el concepto de Ourense como ciudad, en la que siempre se disfrutó, de una privilegiada humanización y que al margen de su ancestral atraso económico-industrial, nunca ha perdido su buen nivel y condición socio-cultural.

Una de las cosas que medio abandonamos y casi perdimos, fueron nuestras fiestas del Corpus, un poco por lo que arriba describo, y otro poco, porque no decirlo, porque aquel obispo Temiño, con su dictatorial actitud, no contribuyó precisamente a que los ourensanos compagináramos "Festa e Romería".

> *Aquel deslumbrante (nos parecía) recinto ferial de la Alameda, muy iluminada, con los típicos olores de las churrerías, garrapiñadas, bastones de caramelo*

De niños, el olor de los zapatos nuevos era una sensación parecida a la de hoy, cuando estrenamos un coche, pero esta no es tan ilusionante como antaño.

Aquel deslumbrante (nos parecía) recinto ferial de la Alameda, muy iluminada, con los típicos olores de las churrerías, garrapiñadas, bastones de caramelo y los atronadores ruidos de las atracciones y tómbolas, la del cubo, y la inevitable frase, "morreo o barriga verde e acabouse a peseta".

Los tebeos que íbamos comprar con prontitud a la Viuda de Lisardo, cuando alguno de los tíos o familiares nos daban unas pesetas después de encontrarnos en la calle.

Ya quinceañeros, el ambiente del Paseo, de ciudad pequeña, de aquellas tómbolas benéficas con misses, futbolistas y famosillos de nuestro entorno.

El caminar en grandes grupos hacia el Couto para ver el torneo de nuestra ciudad y después el regreso para degustar un bocata en el Pepinillo o una tapa de orejas en el sótano del Principal

El descenso de piragüas del Miño y la merendola en Oira con Coca Cola en el bar Flotante.

Los asalto-bailes del jardín y las verbenas de la batalla de flores, la de la prensa y todas las de una semana, en la que cuando regresábamos decíamos: "Eu a de mañá non che veño...", pero al llegar la tarde decidíamos repetir.

Más tarde el festival del Miño, de Rego Nieto, sin duda uno de los grandes dinamizadores de aquellos tiempos... fue el punto álgido de unas fiestas que desde ahí, iniciaron una notable decadencia y que seria importante algún día recobrasen el esplendor y tradición de "as Festas do Corpus".



# RUTA DE PINCHOS
## ANTES DAS ACTUACIÓNS



**F.D.** OURENSE

As festas de Ourense e os seus concertos non só reúnen xente no intre do evento, senón que son centos de visitantes e veciños os que aproveitan os momentos previos as actuacións principais na Praza Maior ou no xardín do Posío para cear e tomar pinchos na zona de viños.

A gastronomía é unha das grandes cualidades das que Ourense pode presumir ao longo do ano, non só durante ás festas. Sabrosos bocados de orella, morunos, cogomelos, solombo, patacas, xamón e polbo á feira repartidos por currunchos emblemáticos como a praza do Ferro, rúa San Miguel, a praza do Eirociño dos Cabaleiros, rúa da Unión, de Fornos ou Viriato configuran unha ruta que ninguén que se achegue ata os festexos pode deixar de percorrer.

O punto de partida para este percorrido é a Praza do Ferro, xerme do centro histórico da cidade, onde está o Bar Orellas, referentes nos pinchos e racións de carne de porco. O outro lado da fonte e á sombra de vellos soportais, está a Taberna do Meigallo onde, sentados nas súas longas mesas, podemos disfrutar de unhas excelentes racións de cociña caseira. Tamén está o Duque, un local que destaca polas súas tostas.

Ao baixar dende a praza do Ferro ata a rúa San Miguel están locais emblemáticos como o Pingallo, Casa Toñita e Casa de María Andrea, onde degustar diferentes especialidades.

No Eirociño dos Cabaleiros, unha pequena praza preto da Praza Maior e do espacio que ocuparán as actuacións das festas, está o Mesón do Queixo, outro histórico da cociña tradicional.

De volta a praza do Ferro a ruta segue pola rúa Lepanto. Aquí casi cada porta é un bar, todos con excelentes menús e especialidades, dende o Trangallán ata O Enxebre, pasando polo París, o Ideas ou A Nosa Taberna, entre outros.

Antes de chegar á rúa Fornos, está a Casa do Pulpo, otro dos templos adicados ao polbo. A ruta segue polo Pérez, na rúa da Unión, un dos bares históricos dos Viños, na parte posterior da catedral.

Na Rúa dos Fornos está A Baiuca, O Alpendre e O Arco da Vella, xunto co Atarazana e o bar do Samuel, que leva máis de vintecinco anos servindo a sua “carne o caldeiro”.

Xa dende este punto, e tras degustar algunhas das mellores especialidades da gastronomía ourensá, so queda achegarse en poucos minutos ata a Praza Maior ou ao Xardín do Posío para desfrutar dos concertos das festas.



CONCERTO

**22.30** Best Life. Xusto agora, neste momento donde parece que as etiquetas gañaron máis valor e fiabilidade que as cancións, os ourensáns Best Life (underyourseat), casi como unha xogada maestra, miran cara outro lado cando parece que o seguinte lance de xogo, o que encasilla, te cede outra vez.



O seu terceiro álbum "Changes" recupera parte dos anos noventa, esos nos que James era a banda a seguir, cando todos soñaban con ser Brett Anderson ou con poder ver de cerca o escenario de Glastonbury. Recuperan a década cun guiño sorrinte. Mirando cara atrás por enriba do hombro pero sin deixar de dar o paso adiante que camiña ao lado dunha produción impecable en todos e cada un dos oito cortes do disco. Con cheiro a novo pero de sabor experto ao mismo tempo. Coas decisións ben tomadas.

As veces non é preciso cambiar, no pop só hai que saber pulsar a tecla adecuada.

E a continuación Sidonie. Unha banda que nace en Barcelona a finais dos noventa, comezou a súa traxectoria sorprendendo con "Dragonfly", un EP cheo de sonoridade moi especial, onde a psicodelia, o rock a música hindú ou o surrealismo espuxo ao trío



barcelonés a un escaparate mediático sen precedentes para unha formación de orixen independente. Os seus lexendarios concertos, con performance incluída onde podían rematar desnudos ou disfrazados, non fixo máis que aumentar a súa popularidade e inmediatamente o seu primeiro disco confirmounos como algo máis que unha promesa.

Sidonie gozan do respecto da escena e de miles de seguidores, os festivais nunca deixan de contar con eles e, en definitiva, pertencen a ese olimpo de artistas que poden dicir a frase máis anhelada por todo músico pop: «Sí, vivimos de isto»

**AFORO LIMITADO**

Lugar: Praza Maior

ESPECTÁCULO

**23.00** XX OURENSE DANCE. Actuacións, Dj, baile, gogós, manguerazos, agasallos...



Pedímosche colaboración con alimentación infantil (potitos, leite para bebé, iogur, papas...) con Amencer

Organiza: Cadena 100

Colabora: Asociación Xuvenil Amencer

Lugar: Xardín do Posío

BAILE

**01.00** Verbena coa orquestra Panorama

Lugar: Rúa Progreso





De vuelta





Aries

# DE CONCERTO con DE VUELTA & ARIES

*De vuelta é o novo proxecto musical do veterano músico Luis Fernández Delgado*

**De vuelta**

**Lugar** / Praza de San Martiño

**Día** / Venres 29 ás 20:00 h

**Aries**

**Lugar** / Praza do Ferro

**Día** / Venres 29 ás 21:00 h

**S.N.** OURENSE

O venres, os concertos nas prazas de Ourense teñen dúas actuacións de interés.

Por unha banda, actuará **De Vuelta,** a máis recente odisea musical de Luis Fernández Delgado, veterano compositor e guitarrista que deu forma a un proxecto coa pretensión de preservar a esencia do rock de toda a vida.

**Luis Fernández Delgado** é ben coñecido no panorama musical por ser cofundador a finais da década pasada de, entre outras bandas, Spamto e A Medias. É tamén xornalista, e inicia agora a súa singladura máis persoal conformando un novo repertorio de creacións en español deudoras das máis notables influencias da historia da música actual: o blues, o rock, o pop e o soul, maridando xéneros e conformando un repertorio poliédrico, aberto e axeno ás modas.

Na mesma xornada, e cun estilo moi diferente, será o turno de **Aries**. Psicodelia desmedida e voces cuadruplicadas definen perfectamente a súa obra.

**Isabel Fernández Reviriego** é unha moza normal de Bilbao que fuxe da imaxe habitual de cantautora solitaria. Armada coa súa caixa de ritmos, a súa Rickenbakers e algún que outro artiluxio dispar, elabora un pop alegre e hipnótico. Fichando polo selo La Castanya, a bilbaína consegue moverse máis do habitual polas cidades do noso país, deixando un pouco da súa psicodelia musical por cada local que pisa.

A cantautora formou parte de grupos como Charades e Electrobikinis. Aries tamén segue a línea sixties, como se pode escoitar en algún traballo: "La magia bruta" (2012) ou "Mermelada Drada" (2014). Actualmente movéndose entre Madrid e Vigo, Isabel segue traballando na súa música e presentou o seu novo disco en abril de fai dous anos co nome de "Adieu Or Die".




curso de imagen

habilidades sociales
protocolo
estética,peluquería
y maquillaje

moda y tendencias
interpretación
posado fotografía
pasarela

agencia LUENA
agc

información e incripciones: 988102056/647212022



Pan
ARTE - SANO
FORNO DE PEDRA DESDE 1894
Sta. Cruz de Arrabaldo - Ourense - Teléfonos 988 384 115 - 988 384 001
Ctra. Vigo 13 Bajo (Estación Autobuses) - Telf. 988 215 333
www.panarte-sano.com Email: info@panarte-sano.com

albarduxe
MENCIA
RIBEIRA SACRA
denominación de orixe
Viñas · Santiago de Arriba · Chantada · Lugo · España
Elaborado e embotellado por Albarduxe, S.C.R.E.N. 40.831/LU
Producto de España · Lote 01

Restaurante
Os Campeliños
· Menú do día
· Pratos Combinados
· Banquetes
· Churrasco
· Pulpo
· Anguilas
· Bacalao
INAGURACIÓN 1 DE XULLO ÁS 20.00h
Rosalía de Castro, 96. Escairón - LUGO
982 456 718 - 982 404 133 - 629 859 893 - 636 901 788
www.oscampelinos.es | restaurante@oscampelinos.es

Café LA FUGAZZA Pizzería
Pizza Artesana
Pizzas hay muchas...Artesanas pocas...
Ramón Puga, 25 Bajo
Eulogio Gómez Franqueira 7 - Ourense
(frente estación de Renfe)
Tel: 988 60 21 02 www.lafugazza.com
email: correo@lafugazza.com

# FESTAS

## DE OURENSE *2018*

*Vivímolas* **CONVOSCO**

Gastro Bar
BIOINTENCIÓN®
Reservas: 988 109 426
Paseo Praia Fluvial, 14 - OIRA - 32001 Ourense
Síguenos en: fb.me/biointencion

TB
TAPERIA BRIGOS
C/ Pena do Vado 114 Reza, Ourense
Tlf: 988 544 399

VIÑA do CAMPO
RIBEIRO
Denominación de Origen

Enredos
SANTO DOMINGO, 20
VALLE INCLÁN, 19
C.C PONTEVELLA
CALLE REMEDIOS,50



por: **Santiago Barreiros**
*Fotógrafo*

# ERA TIEMPO DE *APERTURA*



**Fotografía del grupo brasileño el día de la polémica actuación. (1982)**

Soy de los "60" y de la pandilla de la Alameda, esto era tener el mejor sitio en las fiestas de la ciudad por grande y sobre todo por lo que allí se cocía. La Alameda en fiestas con las tómbolas, la churrería Lolita, los coches eléctricos del Rois y las voladoras del Gelín abastecían a toda la ciudad y sobre todo a nosotros, que vivíamos literalmente en ella.

La pandilla estaba muy unida en torno a los "Goris" que ejercían de jefes por una unanimidad ya que sabían boxear y no sentían ninguna clase de miedo, esto nos hacía invencibles. Musicalmente ya era otra cosa, unos éramos "mods" con el "please, please me" de The Beatles y el resto eran de los Rolling Stones con su maravillosa "Satisfaction". Gelín en sus voladoras nos alimentaba con la mejor música de la ciudad, pudiendo así presumir de nuestras habilidades físicas, claramente él era el mejor.

Luego estaban las chicas, cuestión sería; Conchita, María, Carmen, Josefina y alguna más nos acompañaban muy participativas (menos en 'otras cosas'). El consuelo era el Play Boy que nos alquilaba Calviño, tenía la virtud de ser más rápido.

Los "70" estuvieron dedicados a la mili, la fotografía y viajar, lo que me valió para hacerme hombre y regresar formado de París y Madrid después de la muerte del dictador.

En 1982 ya como fotógrafo, el entonces alcalde Veiga Pombo, me encarga fotografiar las fiestas. Pases de prensa, todo el día en la calle, acabaría en el último concierto del día y encima me pagarían. Eran fiestas llenas de actividades deportivas (rally, hockey, ciclismo, carreras, piragüismo, etc) y musicales (Lone Star, La Mondragón, Leño, Obús, etc) y un grupo brasileño en el Jardín del Posío que causó un gran revuelo con su destape, en una sociedad que todavía no estaba preparada para ver tan de cerca las portadas de Interviú.
Era tiempo de apertura...

*La multitud se abalanzó sobre el palco, derribando vallas, guardias, prensa... como una estampida. ¿Cómo han cambiado los tiempos?*

En el 2002, veinte años más tarde, el concejal de Cultura Aurelio Gómez Villar me ofrece la posibilidad de volver a gozar las fiestas con un nuevo contrato fotográfico. Una ciudad ya más seria, preocupada por la economía. Las fiestas agitaron los cuerpos con un montón de espectáculos que despertaron la golfería ourensana, incluido a mí, que desde las primeras charangas de diez de la mañana a las tres de la madrugada del último concierto, fotografiaba "todo lo que se movía".

Aquel año las fiestas fueron muy buenas, pero los kilos de las cámaras, flashes, y trípodes se llevan mejor a los 32 que cuando rondas los 52.





*XXI OURENSE DANCE*

# DIVERSIÓN XUVENIL SOLIDARIA

**Lugar** / Xardín do Posío    **Día** / Venres 29, a partir das 23:00 h

## O EVENTO TEN UN CARACTER MUSICAL E SOLIDARIO EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN XUVENIL AMENCER

**F.D.** OURENSE

Como cada ano o **Ourense Dance** volta ás Festas de Ourense como un dos eventos lúdicos e musicais máis importantes do programa lúdico da cidade. Durante dúas horas **O Posio** contará coa participación de varios grupos musicais, actuacións, sorteos de regalos e un espectáculo de luz e son non que non faltarán os tradicionais manguerazos de auga.

O eslogan deste ano é **"Non ao acoso escolar. Non ao bullyng"**.

A entrada é de balde, pero dende a organización piden que os asistentes sexan solidarios e acheguen ata a entrada do evento un quilo de arroz ou un quilo de pasta, onde estarán voluntarios da **Asociacion Xuvenil Amencer**.

Ourense Dance contará este ano coas actuacións de **Melo** e **Lexi Cray** coa **agrupación Musical da Limia**; escola de danza **Estilo Libre**; presentacion do cantante venezolano **Ángel Cruz**, escola de danza **4 Pasos**, danza oriental **Burlesque Divas** e a escola de patinaxe en liña **Roller Ourense**.


REFORMAS DE VIVIENDAS
REFORMAS COMERCIALES
PROYECTOS
INTERIORISMO

V&Q
REFORMAS

C/ Ramón Cabanillas, 1 - Entlo. 1 OURENSE
Tel: 988 391 613
www.vyqreformas.com





*BEST LIFE*

# NON PROCURES *O QUE XA TÉS*

**Lugar** / Praza Maior

**Día** / Venres 29 ás 22:30 h

**A.N.** OURENSE

A noite do venres abre fogo un dos nosos, o grupo ourensán **Best Life (Under your Seat)**. Citados no festival Sonorama Ribera, referencia da escena independente nacional, como "las nuevas promesas del indie gallego", contán con tres álbums no que **"Changes"** o último dos seus traballos recupera a década dos 90 sen deixar de evolucionar nunha mais que axeitada produción e sobre todo interpretación.

Harmonía vocal e efectos de guitarra marca a liña interpretativa pero tamén o fan a firmeza e claridade no escenario. Según eles mesmos afirman algo de rock americano setentero e britpop dos 90 pero sen cerrarse a ningún estilo.

Un concerto que mais que abrir boca, precede a banda catalá Sidonie, vai poñer o listón moi alto na Praza Maior, nunha noite que se promete chea de emocións.






# O PEOR GRUPO DO MUNDO

**Lugar** / Praza Maior **Día** / Venres 29 ás 22:30 h

**A.N.** OURENSE

A banda catalá **Sidonie** conta cunha consolidada carreira de mais de 20 anos nos escenarios; comezou o seu periplo na industria musical ancorado na psicodelia e o longo da sua traxectoria pasou por diferentes estadios do pop e o rock alternativo con ese toque psicodélico que sempre caracteriza o son das suas cancións.

Os seus membros **Marc** (voz e guitarra), **Jesús "Jes" Senra** (baixo e coros) e **Axel Pi** (batería) sentiron un día na sala Apolo de Barcelona o enoxo do público nunha actuación pragada de desgracias, que lexos de fundilos na miseria serviulles para reafirmarse na sua vocación artística e anos despois esta, agora anécdota, daría pe a gravar o seu disco **"El Peor grupo del Mundo"** toda unha declaración de intencións no que dan as grazas a todos os que lles acompañaron na sua traxectoría musical.

Son coñecidas as suas influencias de autores como George Harrison, David Bowie ou Pink Floyd e o seu gusto en orixe de utilizar o inglés para interpretar os seus temas. Con todo as suas mellores cancións podémolas disfrutar na lingua de Cervantes.

Oito álbumes de estudio coroan a sua carreira ademais de diversos EPs e recopilatorios, todos cun estilo moi particular e unha estética pop-rock británica non exenta de influencias da música hindú o surrealismo ou a sua etiqueta perenne de grupo independente.

En suma un conxunto dos que merece a pena ver e disfrutar só sexa pola sua lexendaria fama no escenario coas suas numerosas performance, aderezado cun potente espectáculo e unha forma inconfundible de interpretar que os ten levado a ser auténticos primeira liña o longo dos últimos anos no panorama musical peninsular.

ÁREA DE SERVICIO
staroil SAN CIBRAO
24 HORAS



SU ÁREA DE SERVICIO EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DESDE HACE 20 AÑOS
STAROIL - MARCA 100% GALEGA CON PRESENCIA NACIONAL

SERVICIOS
SERVICIO ATENDIDO · ADBLUE GAS GNC · ESTACIÓN DE CARGA · AUTO LAVADO · DUCHAS · CAFETERÍA · RESTAURANTE · HOTEL · TIENDA

Ahora con supermercado Dia

WWW.STAROIL.ES
902 54 77 80

Clínica dental Parracía



LES DESEAMOS UNAS

FELICES FIESTAS

OURENSE 2018

Avd. Celanova 15 - A Valenzá - Barbadás (Ourense) • 988 60 14 13 •

Búscanos en la web

www.parracia.es

Nº de Registro Sanitario: C-32-000640

Continúa na páxina 70

**12.30** Animación de rúa con **Trópico de Grelos**.

### FEIRA HISTÓRICA

**Lugar**: Centro histórico da cidade

### OURENSE STREET FOUD

**13.00 a 16.00 e 19.00 a 00.00**

**12.00** Animación infantil: obradoiros, xogos e talleres

**13.00** Concerto de **Soul&Roll**

**21.00** **Mago Teto**

**Lugar**: Alameda de Bispo Cesáreo

### ESPECTÁCULO

Festa Paint Party

**12.00 a 14.00** Midnight Paint Party Kids

Festival de DJ´s e pintura. Para todos os públicos, especialmente público familiar dirixido por Chito, DJ e animador recoñecido.

**Prezo**: Gratuíto

**Lugar**: Xardín do Posío



**15.00 a 23.00** Midnight Paint Party

Festival de DJ´s e pintura. A festa que percorreu medio mundo chega a Ourense con artistas como Luka Caro, Groove Amigos, The Prieto Brothers, BLVCDR e outros tantos artistas por anunciar.

**Prezo**: 5 € anticipada e na billeteira cun bote de pintura incluído

**Lugar**: Xardín do Posío

### BATALLA DE FLORES

**20.00** Saída Baixo Alameda cara ao Progreso e percorrido circular entre Alférez Provisional (cruzamento Xoán XVIII) e Praza Concepción Arenal.



### CONCERTO

**20:00** **Menage a Trois** presenta "Los amigos de lo ajeno". Tras o éxito colleitado polo seu primeiro EP "Migajas", agora lánzanse cun disco en directo, dúas horas de puro show no que versionan temas de artistas tan variados como Muchachito, Extremoduro, Fito, Sonámbulo, Peret, Che Sudaka, entre outros. Estos temas representan as vivencias e influencias da banda e resume á perfección a súa forza e enerxía.



**Lugar**: Praza San Martiño

### ENOFESTIVAL OURENSE 2018

Promoción de viños ourensáns, contando coa presenza de seis adegas e colleiteiros, zona gastronómica mesturada con varias actuacións musicais, con grupos locais e unha formación "cabeza de cartel", de ámbito estatal.

**20.30** Apertura de portas



**20.45** Concerto de **Mad Mission**

**22.00** Concerto de **Anaut**

**23.30** Concerto de **Cooper**

**Billeteira**: 10 € - anticipada 8 € (máis gastos de distribución), menores de 14 anos gratis.

**Venda de entradas**: ticketea.com, Trampitán e Peggy Records

**Público**: Maiores de 18 anos e menores acompañados de nais, pais ou titor/a legal

**Lugar**: Bulevar Termal (Traseira das Burgas)



# BATALLA DE FLORES UNHA TRADICIÓN CHEA DE LUZ E COR

**Lugar** / Percorrido polas rúas

**Día** / Sábado 30 a partir das 20:00 h

*Os xigantes e cabezudos son unhas figuras protagonistas da Batalla de Flores que se recuperou hai uns anos*

**S.N.** OURENSE

Nos últimos anos recuperouse un dos eventos máis tradicionais das Festas de Ourense como é a **Batalla de Flores**, que reúne a centos de visitantes nas rúas para desfrutar dun espectáculo que invita a celebración da luz e a cor das flores.

O percorrido xa é tradicional e comeza na Alameda do Concello e seguirá pola rúa Parada Justel, rúa Progreso, dá a volta na Praza Concepción Arenal para proseguir pola rúa Progreso, e dar outra volta na Praza Alférez Provisional.

O tradicional desfile infantil da Batalla de Flores regresa dende o ano pasado á programación festiva da cidade, logo de dous anos sen que se organizase.

A Batalla de Flores é todo un espectáculo colorido no que as principais protagonistas son as carrozas, concebidas e deseñadas específicamente para esta actividade.

Asemade, xunto coas carrozas, tamén teñen unha gran relevancia a presencia dos xigantes e cabezudos, unas figuras moi emblemáticas en Ourense e que tiveron unha grande tradición que agora se trata de reivindicar. A animación musical será o complemento dun percorrido que xa se converteu nun símbolo das festas e do inicio do verán.

Con esta edición da Batalla de Flores, o Goberno Municipal de Ourense quere recuperar un dos eventos festivos máis singulares, entrañables e tradicionais da cidade, con décadas de historia ás súas costas e polo que pasaron diversas xeracións de rapaces e rapazas ourensáns.





*MENAGE A TROIS*

# AS VERSIÓNS MÁIS ENÉRXICAS

*Os seus temas homenaxean a Muchachito Bombo Inferno, Los Fabulosos Cadillacs ou Sonámbulo*

**Lugar** / Praza de San Martiño

**Día** / Sábado 30 ás 20:00 h

**S.N.** OURENSE

**Menage a Trois** presenta na Praza de San Martiño, ás 20:00 horas, o seu disco **"Los amigos de lo ajeno".** Tras o éxito colleitado polo seu primeiro EP "Migajas", agora lánzanse cun disco en directo.

Para este novo proxecto, a banda ourensá elexiu nove versións coas que pretende facer unha humilde pero enérxica homenaxe a algúns dos seus artistas preferidos, entre os que atopamos a Muchachito Bombo Inferno, Los Fabulosos Cadillacs, Sonámbulo Psicotropical ou Extremoduro.

Ménage á Trois segue sendo calquera cousa menos predecible. Tras cinco anos recorrendo distintos escenarios da nosa xeografía (Reperkusión, Rock in Río Miño, Honky Tonk, Entroido Quente, Sala Berlín, Vibra Balboa, Forum Celticum, Garufa, etc); agora emprende unha nova etapa musical na que pretenden dar unha volta de torca, presentando unha fusión de sonoridades e estilos como o swing, a rumba, a bossa, o folk, con outros tan aparentemente incompatibles como o rock. Esto, xunto a unhas letras con un claro compromiso social, dan como resultado un son que caracteriza aos MAT e que eles bautizaron como "SwingRock".

Con Ménage a Trois non se pode dar nada por sentado, hai que deixarse levar pola sua orixinal forma de entender a música.

O grupo está formado por Kakus Campos, violinista e, sen dubida o máis folki do grupo; Xiñor Kobiñas, todo unha personaxe ourensana que, tras un ano de xira por Costa Rica con artistas como Sonámbulo Psicotropical e Un Rojo, retorna a Galicia; Hde Lemos, líder espiritual da banda que pon as voces e guitarras. O grupo complétase con Lucas Rodicio: guitarras, Raquel Huete ao baixo, Xabi Cid na batería e Pierrez "O Fillo da Roda", nos teclados.




Cooper

*ENOFESTIVAL 2018*


Anaut


Mad Mission

# VITICULTURA *E MÚSICA* NAS BURGAS

*Enofestival 2018 é un evento que aposta pola cultura próxima e viva, enmarcado nun lugar emblemático da cidade como son as Burgas.*

**F.D.** OURENSE

**Lugar** / Bulevar Termal das Burgas

**Día** / Sábado 30, a partir das 20:30 h

Gastronomía e música daranse a man o 30 de xuño nas Burgas, no marco do **Enofestival 2018**. O certame contará coa participación dos grupos Cooper, Anaut e Mad Mission, cuxa música combinarase coa degustación dos viños de Adegas Celme, Grupo Reboreda Morgadío, Cunqueiro, Vilerma, Eduardo Bravo e Pablo Vidal, e dous postos de comida con propostas "gourmet".

Enofestival 2018 é un evento que aposta pola cultura próxima e viva, e pon en valor o patrimonio ourensán, nun lugar emblemático da cidade como son as Burgas.

A organización destaca a calidade dos grupos participantes, e a subliñou a boa acollida que está a ter o festival entre o público e as adegas e colleiteiros, xa que unha vintena se interesaron en participar, seleccionándose entre elas as seis que finalmente estarán presentes.

Os viños que se degustarán son unha mostra representativa do que se está a facer hoxe no Ribeiro.

O grupo **Cooper**, cabeza de cartel, suma xa máis de 15 anos de prestixiosa traxectoria musical, con Álex Díez á cabeza, probablemente a personaxe máis representativa da escena mod nacional, líder de Los Flechazos, e autor de cancións que forman parte da historia do pop español. Presentarán novo disco: "Tiempo, Temperatura, Agitación".

**Anaut** é unha banda madrileña que ten editado xa tres álbumes (o último en 2018, "Hello there"), cun cóctel de influencias de soul, r&b, folk e rock, que o converten nun grupo de referencia a nivel nacional.

Completa o cartel os ourensáns **Mad Mission**, cuarteto nacido a finais de 2014 cunha proposta de funk rock elegante con enérxicas voces soul, listos para ofrecer un vibrante espectáculo con ritmos impetuosos.



## AUDITORIO

**20.30** As ondas das pedras no río, da Aula de teatro universitaria de Ourense. A vida de dous xemelgos nun mundo onde non se debe transgredir a historia. Un contexto social exacerbado pola miseria. Relacións de parellas truncadas, amor maternal, con erros e brusquedades.

**Prezo**: 2 €

**Venda de entradas**: Na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

**Lugar**: Sala Principal

## CONCERTO

**21.00** Esteban e Manuel é un dúo galego que abandeira o que eles denominan "Cumibiatune" ou Psicocumbia. Este particular son bebe de ritmos latinos e tropicais, a orquestra de festa patronal e o marcado carácter do efecto auto-tune nas voces. Levan a verbena no sangue e só pretenden poñer a todos a bailar.

**Lugar**: Praza do Ferro



## CONCERTO

**22.30** Guadi Galego e Ramón Mirabet

Ramón Mirabet, premio ARC 2016 como artista revelación, bebeu das fontes jazzísticas dun trombonista reputado como é seu pai e da tradición folk americana da súa nai, con referentes como Bob Dylan, Joan Baez ou Janis Joplin. A popularidade chegoulle co programa "Nouvelle Star" da televisión francesa. Iso fixo descubrir en España un músico cun extraordinario talento.



Guadi Galego presenta seu terceiro traballo en solitario, "O mundo está parado". O disco arrasou coa primeira tirada, e foi considerado polo crítico Fernando Neira como un dos cinco mellores do 2016 en España.

**AFORO LIMITADO**

**Lugar**: Praza Maior



## FOGOS ARTIFICIAIS

**00.30** Espectáculo pirotécnico a cargo da Pirotecnia Pablo

**Lugar**: marxe dereita do río Miño

## BAILE

**01.00** Baile coa orquestra Olympus

**Lugar**: Rúa do Progreso

CON EL SEGURO DE TU COCHE...
NO TE LA JUEGUES
LO BARATO EN OCASIONES SALE MUY CARO
LO SABEMOS POR EXPERIENCIA


ASESÓRATE CON NUESTRO EQUIPO DE PROFESIONALES
Además te ofrecemos seguros de Camión, Furgoneta, Moto, Hogar, Comercio, Pyme, Comunidades, Salud, Vida, Accidentes...
Colaboramos con las Compañías más serias para ofrecerte las mejores garantías con ventajosas condiciones económicas.

GESTORIA MARCELINO DIAZ
ASESORÍA DE EMPRESAS
CORREDURÍA DE SEGUROS
ASESORÍA FINANCIERA
Ramón Cabanillas, 4. Entlo. Ourense
Teléfono: 988 233 411
www.marcelinodiaz.com
Síguenos en

Acércate a nuestras oficinas, pídenos presupuesto sin compromiso y te obsequiaremos con un práctico cuelgamóvil



### AS ONDAS DAS PEDRAS NO RÍO

# UNA HISTORIA DE PEQUENAS COUSAS

**S.N.** OURENSE

A aula universitaria do Auditorio de Ourense será o escenario da representación de **"As ondas das pedras no río"**, unha dramaturxia dirixida por **Fernando Dacosta**, adaptación do libro de Arundhati Roy "El dios de las pequeñas cosas".

A vida de dous xémeos, unha nena e un neno, nun mundo onde non se debe transgredir a historia. Unha situación política exacerbada pola miseria. As relacións de parella truncada.

O amor maternal, con erros, con brusquedades, onde as pequenas cousas poden facer nacer unha bolboreta negra ou arroupar no medio dun trebón.

Unha sociedade de castas, un amor prohibido. Unha muller que non soporta a felicidade de dos demais por non ter obtido a súa.

**Lugar** / Auditorio Municipal

**Día** / Sábado 30 ás 20:30 h

*A obra, dirixida por Fernando Dacosta, adapta o libro de Arundhati Roy, "El dios de las pequeñas cosas"*

Un río para cruzar e adentrarse na casa da historia, o río como esperanza e como morte e unha avoa case cega que soporta as dores de toda a familia.

O presente é froito dun pasado intenso, entrelazado, de pequenas cousas, de alegrías efémeras, de momentos únicos e irrepetibles. O pasado volve constantemente á mente dos seres danados e pesa no seu reencontro anos despois dos feitos que cambiaron para sempre as súas vidas.





*PAINT PARTY*

# LITROS DE PINTURA COS MELLORES DJ

*Música, pintura e diversión encherán toda a tarde do sábado no Xardín do Posío*

**Midnight Paint Party Kids**

**Lugar** / Xardín do Posío

**Día** / Sábado 30 das 12:00 ás 14:00 h

**Midnight Paint Party Festival**

**Lugar** / Xardín do Posío

**Día** / Sábado 30 das 15:00 ás 23:00 h

**F.D.** OURENSE

**A festa que arrasa en Ibiza** chega a Ourense, con todo o que fai deste evento un dos máis multitudinarios ao longo de toda España. Así é como se presentan a Festa Paint Party e a Midnight Paint Party Festival. **Case dez horas de música electrónica a toda cor,** cunha primeira parte para tódolos públicos e de balde (de 12,00 a 14,00 horas) e outra (de 15,00 a 23,00 horas) na que participarán numerosos DJ e na que haberá todo tipo de sorpresas.

A máis moderna música e os últimos éxitos serán os protagonistas da parte musical da festa, na que importantes mezcladores e profesionais porán o mellor de sí para entreter ao público. Ibiza viu nacer esta festa fai uns anos, e dende entón non parou de crecer e de encher de música e xente praias e localidades de toda a península durante os meses de verán.

Na Paint Party hai loucura, pintura e a mellor música electrónica.. Xa era hora de que Ourense poida vivir esta experiencia!, que xa é coñecida por moitos ourensáns que participaron nela nas pasadas edicións realizadas nas praias da provincia de Pontevedra.

Esta festa contará non só con música, senon tamén coa tradicional **chuvia de pintura** para o público presente, **canóns de** $\mathbf{CO_2}$ para facer ambente de festa segundo os temas que pinchen os DJ, **efectos especiais** cun gran equipo de luces de gran potencia e espectacularidade, preto de 2.000 litros de pintura e animación durante todo o espectáculo. Ademáis, os DJ interactuarán coa xente ao mesmo tempo que pincharán os temas máis actuais e bailables.



**Loucura, pintura e a mellor música electrónica.**

O escenario ourensán, de grandes proporcións, contará co incríble megatrón, ademáis dos mellores efectos visuais para animar a festa, á altura dos grandes festivales do mundo.

Vigo, Vimianzo, A Coruña, e Praia América son algunhas das localizacións nas que milleiros de afeccionados á música e a diversión disfrutaron da festa máis refrescante do pasado verán, que chega ao xardín do Posío para batir tódolos récords.







# O MUNDO DE *GUADÍ GALEGO*

**Lugar** / Praza Maior

**Día** / Sábado 30 ás 22:30 h

**S.N.** OURENSE

As Festas de Ourense poderán desfrutar de Guadi Galego, unha das artistas máis relevantes da escena musical de Galicia, presenta no 2016 **"O mundo está parado"** o seu terceiro traballo como solista tras o álbum **"Benzón"** (2009) e **"Luas de outubro e agosto"** (2014).

A traxectoria musical de Guadi Galego é moi intensa e rica, foi voz principal e gaiteira do grupo Berrogüetto. co cal gravou tres discos.

**"O mundo está parado"** (2016) está conformado por 10 temas: seis da súa autoría, tres de Carlos Abal e un de Pachi García, que exerce de novo como produtor musical. A primeira e limitada edición do disco, á venda desde o 4 de novembro de 2016, foi unha tirada de 1.000 vinilos, esgotada en apenas un mes.

Un son envolvente con arrecendo pop que garante potentes directos, unha presa de cancións sobre a necesidade de parar a sentir, a reflexionar, a respirar, nun mundo que, malia a aparente velocidade e exceso de información, está parado no máis humano.




INTRODUZCA DESTINO...
AUTO ESPORT
WWW.AUTOESPORT.COM.ES
ESPECIALISTAS EN:
LAND-ROVER
RANGE ROVER
MG
Ford
Motorcraft
RENAULT
DACIA
Auto Esport S.A.
Castadon
Pereiro de Aguiar
988 519 403
Ramon y Cajal 27
Barco Valdeorras
988 325 331
Auto Esport S.A.
Eulogio Fernandez 86
Barco Valdeorras
988 783 369
Auto Esport S.A.
Eulogio Fernandez 94
Barco Valdeorras
988 783 369


Estación de Servicio
CASTADON
J.L. e HIJOS
CASTADÓN - PEREIRO DE AGUIAR, OURENSE
Cada día
tu compra express
Calidad y servicio al mejor precio
Abierto todos los días de
06:00 a 24:00


GASOCENTRO
CASTADON S.L.
Gasoleo de calefacción a domicilio
988 519 403




# A VOZ ROTA DE RAMÓN MIRABET

**S.N.** OURENSE

Ourense vai poder desfrutar da voz de **Ramón Mirabet**. A voz que puso o panorama musical patas arriba. Os seus concertos son unha festa, é o artista que todos queren ver en directo e do que o público, cada día máis numeroso, nunca se quere ir.

As cifras son ben elocuentes. No ano 2016 entrou no top 10 da lista dos discos máis vendidos en España e conseguiu máis de 200.000 reproduccións mensuais en Spotify.

A de Ramon Mirabet é sin lugar a dubidas unha das xiras máis sorprendentes e mágicas dos últimos tempos. A carreira de Ramón Mirabet, nado no seo dunha familia de músicos e artistas de circo, comezou aos tres anos compoñendo as suas primeiras melodías. A sua traxectoria pasa das beiras do Sena, en París, ao talent show ' Nouvelle Star' da televisión e de ahí ao teatro Olympia. Instalado na bohemia do barrio de Montmartre, edita o seu primeiro álbum, "Happy Days" (Warner 2013). Pero o seu camiño está máis ligado á búsqueda: encontraremolo en Brighton (Inglaterra), e tamén nas Highlands de Escocia, pero sen esquecer as rúas e os bares da sua Barcelona natal.

**"Home Is Where the Heart Is"** (Warner 2016) é o seu último traballo, presentado nunha xira de máis de 90 concertos e que foi vista por máis de 140.000 personas, entre as que hai que destacar as máis de 20.000 que asistiron á praia del Bogatell nas festas de la Merced. As melodías positivas e o ritmo das cancións o convertirán nunha das revelacións das festas de Ourense.





*ESTEBAN & MANUEL*

# *ELECTROCUMBIA* CON TOQUE GALEGO

**Lugar** / Plaza do Ferro **Día** / Sábado 30, ás 21:00 h

*Un grupo para bailar e levar a súa música a todos os sitios posibles*

**S.N.** OURENSE

Esteban e Manuel tiñan un pasado común en bandas como Frederick o Estupefazebras, ademáis de tocar en formacións como Vicky Polard, Das Chicho, Bulto ou Boyanka Kostova.

Deciden poñer en marcha un dúo co que dar renda solta a sua pasión polos ritmos latinos. **Eles falan de psicocumbia, cumbiatune e das músicas tropicais do século XXI**. Afirman que se trata dun combo cun obxetivo claro: un grupo para bailar e levar a súa música a todos os sitios posibles. **Levan a verbena no sangue**, e dan rienda solta a influencias como Los Hermanos Rosario, Juan Luis Guerra ou Chico Trujillo.

O colectivo de Santiago de Compostela La Melona encargouse de publicarlles a sua primeira referencia: "La Banda Sonora de Tu Día a Día" (La Melona, 2017). Un traballo gravado e masterizado en Xílgaro Estudios por David Quintas que conta coa colaboración de David Soprano (Avecrem, Uppercut, Bulto) e Charli Gómez (Bulto, Vozzyow). Oito cancións nas que atopamos medios tempos saborosos, cumbia aderezada con auto-tune e hits que levantan a area do campo da festa como "Ela namoroume".

O dúo non para e xa se enfrascan nunha intensa xira e comezan a preparar a sua siguinte entrega.





por: **Fernando González**

*Actor, cantante e músico*

# CORPO DE CORPUS



Corpus, unha verba concreta e evocadora para calquera Ourensá. Corpus, unha verba sonora, coma os concertos que enchen a cidade de música ao longo de dúas semanas.

Corpus, unha verba teatral, coma un ritual cheo de actuacións de clowns, malabaristas, acróbatas e mesmo bufóns polas rúas da cidade. Corpus, unha verba Festeira e efémera, coma as boas festas, que han de durar pouco. Cando lembro as mañás de verán en Ourense, non penso na calor abafante, nas frontes suorentas de traballadoras agardando que remate a xornada ou nos exames estivais que todas tivemos que sufrir nalgún momento da nosa post-adolescencia...

Penso na sensación de festa importante, no almorzo fresquiño previo á función de teatro de rúa dalgunha compañía internacional, nas infinitas, enérxicas e talentosas charangas coas que cruzas inevitablemente na Praza do Ferro, no alumeado extraordinario que enche as rúas, nos carteis que inundan a cidade con programas festivos cheos de artistas incribles... Mais, ante todo, penso no sorriso repetitivo de rapaces que procuran as atraccións caoticamente situadas nalgún dos barrios da cidade, coma se se tratase do seu sustento vital. E entón, pregúntome... que queda do Corpus?

Podería dicirse que queda todo, pero tamén que falta todo. Queda a sensación de que as festas de Ourense teñen lugar a pesares da precariedade económica de tempos políticos convulsos, a empatía dos cidadáns para adaptarse ao que toca, o cheiro das atraccións que, aínda que ano tras ano vense máis reducidas e agochadas, sempre rematamos por atopar, as orquestras que inundan o "panorama" galego e que contan co talento artístico suficiente para reinventar os himnos das bandas que non poden vir, a ilusión dos grupos locais por seren seleccionados para compartir escenario con algún dos artistas nacionais programados... Queda unha cidade que supura cultura polos seus poros e falta toda a cultura que sustenta os poros dunha cidade.

Houbo un tempo no que a zona dos Remedios se transformaba nun parque temático de atraccións e no que na rúa do paseo actuaban compañías internacionais de teatro de rúa que facían dúas funcións diarias para calquera que pasase pola zona. Houbo lendas que dicían que bandas como Iron Maiden tocaban en Ourense e mesmo eran teloneadas por grupos emerxentes da cidade. Houbo historias nas que as baladas rockeiras eran escoitadas mentres o público alumeaba con chisqueiros e non facendo Live Stories en Instagram. Houbo un espazo temporal onde o Corpus tiña corpo... e volvo a repetir, que queda do Corpus?

Sen dúbida queda un espírito crítico e nostálxico. Un sentimento profundo, reflexivo e propio, porque os momentos máis importantes da miña existencia vivinos nestas grandes festas de Ourense.

Namorei por primeira vez montando no saltamontes, escordei o nocello polas presas para ver a unha das miñas bandas favoritas, gañei na tómbola un boneco de trapo ao que chamei Iñaki, pasei de ser espectador a ser protagonista e mesmo sufrín mal de amores nese ditoso saltamontes. Polo tanto, vivín en corpo e alma as festas da miña terra e devezo para que a miña filla (se é que algún día a teño) poida gozar dun Corpus con corpo... que non é pouco!



# LUZ E SON ATRONADOR PARA DESPEDIR AS FESTAS



Lugar / Marxe dereita do río Miño

Día / Sábado 30 ás 00:30 h

**S.N.** OURENSE

Unha das citas tradicionais no programa das festas de Ourense son os fogos artificiais nas ribeiras do Miño, a carón da Ponte Romana e da Ponte do Milenio.

O espectáculo pirotécnico deste ano correrá a cargo dunha prestixiosa empresa do sector que será a encargada de organizar e botar os fogos, o **sábado 30 de** xuño, a partires das **00,30 horas na marxe dereita do río Miño.**

Como ven sendo habitual, os fogos serven como broche final á programación festiva da cidade. Tras unha semana de concertos, obras de teatro, actividades infantís e ocio nos principais espacios da cidade, os fogos veñen a poñer a guinda de luz e son a unha celebración inesquecible.

Como o evento coincide nos primeiros días do verán, son milleiros os ourensáns que se achegan ás inmediacións do río. Familias enteiras, nenos e maiores desfrutan dunha tradición arraigada na memoria colectiva da cidade.

A organización aconsella sempre seguir as instruccións da policía local e protección civil para situarse nas ubicacións determinadas e seguras.



**JSC**
Juan Santos Cid
Reformas en general
Restauración de casas y pisos
Reformas comerciales
Fachadas y Cubiertas
Cocinas Baños
Reparaciones Presupuestos
construccionesjsc@hotmail.com
Avda. Celanova, 24- 4º D
Tel. 988 240 123 - Móvil 659 683 972
A VALENZÁ - Ourense

**PI IGLESIAS**
Pinturas Decoración
Avda. de PORTUGAL, Nº 1
TELÉFONO 988 24 12 71
Pinturas
Papeles pintados
Moquetas y toda clase de pavimentos
Avda. de Portugal, 3 - 32002 (OURENSE)
Telf: 988 241 271 - 616 982 330

Más de 50 años a su servicio
**TALLERES ATIXEIRA, S.L.**
TALLERES DE CALDERERÍA Y CERRAJERÍA
Ctra. de Madrid, km 231 - Pol. Comercial Barreiros - San Ciprián de Viñas
Telf: 988 363 055 / Fax: 988 240 879 - www.atixeira.com

Construcciones y Reformas
Jorge F. Novoa **JoFaN**
Tel. 670 220 692 - 647 065 419
Vilariño, 3 Castro de Beiro (Ourense)

# FESTAS

## DE OURENSE *2018*

*Coa xente* **¡COA FESTA!**

**SeTeGa S.L.**
*Seguridade Tecnolóxica Galega*
988 254 254 www.seguridadsetega.com



**DCERO**
Construimos ideas
www.dcerodesign.com
info@dcerodesign.com

SERVICIOS ENERGÉTICOS
**GAS ORENSE AIE**
INSTALACIÓN y MANTENIMIENTO de
Gas natural
Calefacción
Salas de calderas
Aire acondicionado
